



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Lingua Galega 2	Código	613G02014	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua galega			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		
Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega	A23		
Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega	A25		
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A19		
Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.	A21		C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse		B9	C6
Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade		B8 B10	
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual	A2		
Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Norma e calidade lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI	1.1. A norma, a variación lingüística e a calidade lingüística 1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos 1.3. Aspectos morfosintácticos 1.4. Aspectos léxico-semánticos 1.5. Aspectos pragmáticos
2. A planificación do status da lingua galega	2.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 2.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 2.3. Ámbitos e usos lingüísticos
3. A planificación do corpus da lingua galega	3.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos
4. A variación lingüística: usos e norma	4.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero 4.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro 4.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo
5. As modalidades do galego	5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación lingüística na Galiza e na Lusofonía/Galeguía

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A4 A9 A21	0	6	6
Traballos tutelados	A10 A11 A15 A21 B3 B6 B7 B8	2	20	22
Sesión maxistral	A19 A23 A25 B5 C6	21	10	31
Presentación oral	A4 A9 A21 B4 C1	2	6	8
Recensión bibliográfica	A2 A9 A10 A11 A14 A21 B1 B5 B6 B9 C1 C6	1	4	5
Seminario	A2 A4 A9 A10 A11 A21 B5 B6 B10	6	12	18
Lecturas	A2 A10 A11 A14 B1 B3 B5 B7 C6	1	12	13
Obradoiro	A2 A4 A9 A10 A11 A21 A23 A25 B5 B6 B10	4	16	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Estudo de casos	A2 A10 A11 A15 A23 B1 B3 B5 B7 B8 B10	6	16	22
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Instrumento de avaliación dos contidos focados nas "Sesións maxistras".
Traballos tutelados	Actividade integrada no desenvolvemento dos "Seminarios"; destinada a fomentar a aprendizaxe autónoma e colaborativa entre o alumnado.



Sesión maxistral	<p>Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.</p> <p>A avaliación será feita a través dunha "Proba mixta" en que se avaliará a competencia e o desempeño atinxidos en relación a aqueles contidos teóricos expostos polo profesorado durante esas sesións na sala de aulas. Esta proba estará enfocada para a realización de actividades teórico-prácticas e para análises específicas de textos escritos ou de calquera outro material utilizado ao longo das sesións presenciais.</p>
Presentación oral	<p>O "Traballo tutelado" será acompañado e presentado oralmente nos "Seminarios" necesarios para o efecto. Será realizada tamén outra presentación oral relativa aos contidos tratados na epígrafe 4 dos "Contidos" desta Guía Docente.</p> <p>A calidade da lingua utilizada, os recursos e as estratexias expositivas empregados, así como a clareza e disposición dos contidos vehiculados, constitúen os principais elementos a ter en conta polo alumnado neste tipo de actividades.</p>
Recensión bibliográfica	<p>Esta metodoloxía deriva da "Lectura" contemplada na estrutura dos "Seminarios" realizados ao longo do cuadrimestre.</p> <p>Igual que o resto de materiais, será dispoñibilizada unha listaxe de lecturas para o conxunto da aula a través da plataforma Moodle.</p>
Seminario	<p>Ao longo dos "Seminarios" (grupos reducidos) será realizado o acompañamento dos labores propios da materia.</p> <p>Serán atendidas especificamente as seguintes cuestións:</p> <p>1. Un TRABALLO TUTELADO, elaborado empregando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", do cal se deriva tamén a correspondente "Presentación oral". Este traballo consiste nunha actividade en grupo reducido, na cal deberá ser realizado un estudo cualitativo dun discurso en lingua galega de acordo cos parámetros e cos modelos fornecidos polo profesorado nas aulas.</p> <p>O procedemento para a realización deste traballo consiste en:</p> <ul style="list-style-type: none">-Selección dun discurso público (oral, en formato audiovisual) para analizar, de acordo cos parámetros teóricos fornecidos polo/a docente.-Elaboración dun roteiro específico e dunha memoria da actividade.-Acompañamento periódico por parte do/a docente dos labores relacionados coa actividade, quer nas aulas quer no atendimento personalizado.-Preparación de materiais para a presentación de resultados.-Exposición na sala de aulas.-Dispoñibilización para o conxunto do alumnado en Moodle. <p>2. Unha LECTURA, seleccionada dunha listaxe fornecida polo profesorado, e a súa correspondente RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA individual, que terá que ser realizada de acordo cos modelos e cos parámetros proporcionados polo/a docente e que despois deberá ser dispoñibilizada para o conxunto do grupo a través do Moodle.</p> <p>3. Cada alumno/a terá que presentar oralmente ao conxunto da turma os procesos e os resultados do "Traballo tutelado" realizado. Durante esa presentación oral, o alumnado deberá empregar os recursos tecnolóxicos precisos para o efecto e demostrar a asunción e a aplicación práctica dos contidos, das destrezas e das competencias abordados durante o curso.</p>
Lecturas	<p>Tarefa integrada nos traballos propios dos "Seminarios".</p>
Obradoiro	<p>Durante as sesións aquí identificadas como "Obradoiros" (grupos medios), o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas "Sesións maxistras", así como das destrezas e das estratexias relacionadas coa expresión oral e escrita que fan parte dos obxectivos da materia.</p> <p>Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e, sobre todo, estudos de caso.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.</p>
Estudo de casos	<p>Esta metodoloxía intégrase no desenvolvemento tanto dos "Seminarios" como dos "Obradoiros".</p>



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non unicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A2 A10 A11 A15 A23 B1 B3 B5 B7 B8 B10	Será avaliada a participación e o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	15
Recensión bibliográfica	A2 A9 A10 A11 A14 A21 B1 B5 B6 B9 C1 C6	Será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a xerarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	10
Presentación oral	A4 A9 A21 B4 C1	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipa e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	10
Traballos tutelados	A10 A11 A15 A21 B3 B6 B7 B8	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, a participación ao longo dos traballos realizados nos "Seminarios" destinados para o efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo tutelado".	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas que se entregarán ao profesorado.	5
Proba mixta	A2 A4 A9 A21	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistras.	40

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis. No caso de non superala, a cualificación final será a nota do exame ponderada.

1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará en Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación.

1.3. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente dispoñibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas e/ou a través de Moodle. O/a docente proporcionará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

2. AVALIACIÓN DA 2.^a OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Na 2.^a oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

2.2. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á 2.^a oportunidade (xullo). Para superaren a materia nesta oportunidade, os/as alumnos deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente cos docentes e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos), unha "Presentación oral" (2 puntos) e uns "Traballos tutelados" (3 puntos) que lle foren encomendados.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O estudiantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado da materia.

6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA

6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir ás aulas deberá contactar co profesorado da materia e terá que realizar e entregar nos prazos concertados previamente polos docentes as mesmas probas e actividades que o restante. Así mesmo, haberá unha reunión no inicio do curso con este alumnado para pautar o desenvolvemento do curso.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama
- Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora
- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias
- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote
- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia
- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laidvento
- González Rei, Begoña (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova
- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.
- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudos de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia
- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG
- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: RAG
- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Noguerol Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña
- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Santiago de Compostela. Laidvento
- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciéncias da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais
- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina



Bibliografía complementaria	<p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego). Ourense: Associação Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Moreira, I. (2007). Correspondência Comercial. Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas. Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes(Paris: Nathan).Bordons, G. /J. M. Castellà / E. Costa (1998): TXTLalingüística textual aplicada al comentari de textos(Barcelona: Universitat de Barcelona).Calsamiglia Blancafort, H. / A.Tusón Valls (1999): Lascosas del decir: manual de análisis del discurso(= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel).FernándezRei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivassobre a oralidade(Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).Flesch, R. /A. H. Lass (1996):The Classic Guide to Better Writing(New York: Harper Resource).Freixeiro Mato, X. R. (2006)[2003]: Gramática dalingua galega IV. Gramática do texto(Vigo: A Nosa Terra).FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismoslingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras(= Bibliotheca Philologica) (Madrid:Arco/Libros).FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): Laargumentación lingüística y sus medios de expresión(Madrid: Arco Libros).Garrido, C. (2001): AspectosTeóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica(Inglês>Galego)(Ourense: Associação Galega da Língua).Kerbrat-Orecchioni,C. (2006): Análiseda conversação. Princípios e métodos.Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola).Koch, I G. V.(1992): Ainter-ação pela linguagem(São Paulo: Contexto).Koch, I. G. V.(1997): Otexto e a construção dos sentidos(São Paulo: Contexto).Koch, I. G. V.(2004): Introduçãoà lingüística textual(São Paulo: Martins Fonte).Koch, I. G.V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade:Diálogos Possíveis(São Paulo: Cortez).Marcuschi, L.A. (1983): Lingüístico texto: o que é e como se faz(Recife: Universidade Federeal de Pernambuco).Marcuschi, L.A. (2000): Dafala para a escrita(São Paulo: Cortez).Marcuschi, L.A. (2001) [1986]: Análiseda conversação(São Paulo: Ática).Moreira, I. (2007):CorrespondênciaComercial (Lisboa:Edições Técnicas e Profissionais).Plantin, Ch. (1998): Laargumentación(Barcelona: Ariel).Reyes, G. (1998): Cómoescribir bien en español. Manual de redacción(Madrid: Arco Libros).Sánchez Rei, X. M. (2006): Alingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros(Santiago de Compostela: Liovento). Santiago Guervós, J. de (2005):Principios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros).Serrano Serrano, J. (2002): Guíapráctica de redacción (Madrid: Anaya).Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac).Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta).Weston, Anthony (2004). Lasclaves de la argumentación(Barcelona: Ariel, 9ª ed.).Zinsser, W.(2005): OnWriting Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction(New York: Collins).</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G01002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías